



CIRCULAR 80-2021.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 16, SUB 18 E CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB 16 E SUB 18.

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia Sub16 Sub 18 e o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 16 e Sub 18 os vindeiros días 2 e 3 de xullo, nas pistas de atletismo do Estadio Gregorio Pérez Ribera de Lugo.

Art.2).- Poderán participar todos os/as atletas que o desexen e teñan licenza pola FGA na tempada 2021.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 29 de xuño do 2021

Art.4).- Limitación na inscrición Sub 16 e Sub 18:

Cada atleta poderá realizar nun máximo de 2 probas (no caso de ser carreiras só unha poderá ser superior a 200). Os/as atletas de probas combinadas só poderán participar nelas.

Unha vez publicada a listaxe de admitidos, o club deberá dar de baixa aos atletas, nas probas nas que non vaia a participar, nun prazo de 24h. De non facelo así a Dirección Técnica farao de oficio. Para facilitar o reparto de probas para aqueles atletas que fagan inscricións en varias, deberán indicar no campo dorsal a prioridade de cada proba.

Art.5).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal. Na marcha levarán dous, un diante e outro detrás.

Art.7).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora. Naqueles concursos realizados de forma conxunta en categoría e/ou sexo pasarán 4 de cada unha.

Art.8).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.9).- Durante o transcurso do Campionato, un/a atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificase nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmase a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico.



Art.10).- Horario provisional

| HORARIO PROVISIONAL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA S16-S18 XORNADA DA TARDE 02/07/2021 | | | | | |
|--|--------------------------|-----------------------|------------------------|-----------|-----------|
| HORA | CARREIRAS | PÉRTEGA | MARTELO | HEPTATLON | DECAT/OCT |
| 17:00 | | Pértega Sub16/18 Masc | Martelo Sub16 Masc | | 100ml |
| 17:15 | Semifinal - 100mv (0,76) | | | | |
| 17:35 | | | | 100mv | |
| 17:45 | | | | | Lonxitude |
| 17:50 | Semifinal - 100mv (0,91) | | | | |
| 18:10 | Semifinal - 110mv (0,91) | | | | |
| 18:20 | Semifinal - 100ml | | | | |
| 18:30 | | | Martelo Sub16 Fem | Altura | |
| 19:00 | | | | | Peso |
| 19:10 | Final - 100mv (0,76) | | | | |
| 19:25 | Final - 100mv (0,91) | | | | |
| 19:30 | | Pértega Sub16/18 Fem | | | |
| 19:35 | Final - 110mv (0,91) | | | | |
| 19:45 | Final - 100ml | | | | |
| 20:00 | | | Martelo Sub18 Masc/Fem | Peso | Altura |
| 20:10 | 1500m Obs | | | | |
| 20:20 | 1500m Obs | | | | |
| 20:30 | 2000m Obs (0,76) | | | | |
| 20:45 | 2000m Obs (0,84) | | | | |
| 20:55 | | | | 200ml | |
| 21:00 | | | | | 400ml |

| HORARIO PROVISIONAL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA S16-S18 XORNADA DA MAÑÁ 03/07/2021 | | | | | |
|---|----------------------------|-------------------|------------------|----------------------|-----------|
| HORA | CARREIRAS | CONCURSOS | CONCURSOS | LANZAMENTOS | DECAT/OCT |
| 10:00 | 5000m Marcha Sub18 Fem | | Peso Sub18 Fem | Dlisco Sub16 Masc | |
| 10:35 | 5000m Marcha Sub16/18 Masc | | | | |
| 11:00 | | | | Peso Sub16 Fem | |
| 11:05 | 3000m Marcha Sub16 Fem | | | | |
| 11:20 | | | | Disco Sub18 Masc/Fem | |
| 11:45 | | Triplo Sub16 Masc | Lonx. Sub18 Fem | | 110mv |
| 12:00 | Semifinal - 300m | | | Peso Sub16 Masc | |
| 12:30 | Semifinal - 200m | | | | |
| 12:40 | | | | Disco Sub16 Fem | Disco |
| 12:50 | | Triplo Sub16 Fem | Lonx. Sub18 Masc | | |
| 13:00 | | | | Peso Sub18 Masc | |
| 13:15 | Final - 400mv | | | | |
| 13:30 | Final - 300mv | | | | |



HORARIO PROVISIONAL CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA S16-S18 XORNADA DA MAÑÁ 03/07/2021

| HORA | CARREIRAS | SALTOS. HORIZ. | ALTURA | XAVELINA | HEPT. | DECAT/OCT |
|-------|---------------|-------------------|-----------------------|---------------------|-----------|-----------|
| 16:45 | | | | Xavelina Sub16 Fem | Lonxitude | |
| 17:00 | Final - 400m | Triplo Sub18 Masc | Altura Sub16 Masc | | | |
| 17:15 | | | | | | Pértega |
| 17:25 | Final - 300m | | | | | |
| 17:45 | Final - 200m | | | | Xavelina | |
| 18:00 | | Triplo Sub18 Fem | | | | |
| 18:05 | Final - 600m | | | | | |
| 18:15 | | | Altura Sub16 fem | Xavelina Sub16 Masc | | |
| 18:30 | Final - 800m | | | | | |
| 18:55 | | | | | 600/800m | |
| 19:00 | | Lonx. Sub16 Masc | | | | |
| 19:05 | Final - 1000m | | | | | |
| 19:15 | | | | | | Xavelina |
| 19:30 | Final - 1500m | | Altura Sub18 Masc/Fem | | | |
| 19:50 | Final - 3000m | | | | | |
| 20:00 | | Lonx. Sub-16 Fem | | Xav. Sub18 Masc/Fem | | |
| 20:15 | | | | | | 1000m |
| 20:25 | | | | | | 1500m |
| 20:35 | Final - 3000m | | | | | |

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 7 min antes da hora oficial da proba

Concursos agás pértega 20 min antes da hora oficial da proba

Pértega 30 min antes da hora oficial

Entrada en Cámara de chamadas: ata cinco minutos antes da saída oficial a pista. Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.11).- A participación nas probas combinadas estará limitada a 5 atletas de cada categoría e sexo

Art.12).- Valerán marcas feitas dende o 1 de xaneiro de 2020

Art.13).- Altura dos listóns: (publicarase en función das marcas dos inscritos)

Art.14).- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.15).- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.



Art.16).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.17).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.18).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.19).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 26 de xuño de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo